



(SECRETARÍA)
EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA
PONTEVEDRA

ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DESTA CONCELLO O 26 DE MAIO DE 2014

LUGAR: CASA CONSISTORIAL DO EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA

TIPO DE SESIÓN: EXTRAORDINARIA **CONVOCATORIA:** PRIMEIRA

SEÑORES/AS ASISTENTES:

GRUPO P.P.

D. JOSÉ CARLOS LÓPEZ CAMPOS
Alcalde-Presidente
D. ALBERTO MANUEL BLANCO CARRACEDO
Concelleiro
DNA. AMALIA GOLDAR CORA
Concelleira
D. MIGUEL OSCAR RANCAÑO BRAÑANOVA
Concelleiro
D. OSCAR ALEJANDRO DURÁN BARROS
Concelleiro
D. MARÍA ÁNGELES PAIS CARBIA
Concelleira
D. JUAN MANUEL CONSTENLA CARBÓN
Concelleiro
D. JOSÉ ISMAEL PENA VILLAMOR
Concelleiro
DNA. MARÍA DEL CARMEN DURÁN LEA
Concelleira
D. NEMESIO IGNACIO REY PAZOS
Concelleiro
DNA. LUCÍA SEOANE ROSENDE
Concelleira

GRUPO PsdeG-PSOE

D. JOSÉ ANTONIO DONO LÓPEZ
Concelleiro
DNA. BELÉN LOUZA VIEITES
Concelleira
D. MANUEL SANMARTÍN OBELLEIRO
Concelleiro
DNA. M^a MONTSERRAT MACEIRAS VICENTE
Concelleira

DNA. MÓNICA MAGARIÑOS COBAS
Concelleira
DNA. ANA ASOREY BREA
Concelleira
D. JOSÉ ANTONIO DURO DE LA FUETE
Concelleiro
D. GERMÁN GONZÁLEZ RODRÍGUEZ
Concelleiro

GRUPO do BNG:

D. XOSÉ MAGARIÑOS MACEIRAS
Concelleiro

FALTAN Á SESIÓN:

D. MANUEL OTERO ESPÍÑO
Concelleiro

SECRETARIA EN FUNCIONS

DNA. M^a JESUSA FERNÁNDEZ BASCUAS

Na Casa do Concello, sendo as vinte horas e trinta minutos do día vinte e seis de maio dous mil catorce, baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. José C. López Campos, reúnese no Salón de Sesiós o Pleno da Corporación Municipal, co obxecto de celebrar sesión extraordinaria, constituíndose coa asistencia dos Señores arriba nomeados, dando fe do acto a Secretaria en funcións.

A sesión celébrase previa convocatoria ao efecto dándose publicidade da mesma mediante a inserción dun exemplar da convocatoria e Orde do Día no Taboleiro de Anuncios e páxina web deste Concello.

Declarada aberta a sesión, polo Sr. Alcalde dáse comezo á mesma conforme á seguinte:

ORDE DO DÍA

A) PARTE RESOLUTORIA E ÚNICA

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DICTAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ORGANIZACIÓN, PERSOAL E ASUNTOS XERAIS, RELATIVA AO ESTABLECEMENTO DE SECTORES PRIORITARIOS PARA A REALIZACIÓN DE CONTATACIÓNS DE CARÁCTER LABORAL TEMPORAL OU NOMEAMENTO DE FUNCIONARIOS INTERINOS.

2º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ORGANIZACIÓN, PERSOAL E ASUNTOS XERAIS, RELATIVA Á SOLICITUDE DE ESTUDO E APROBACIÓN DOS PUNTOS LÍMITE DA TARIFA URBANA A REFERENCIAR POLOS APARATOS TAXÍMETROS NOS VEHÍCULOS TAXI DO CONCELLO DE A ESTRADA, FORMULADA POLA PRESIDENCIA DE TAXIS ASOCIACIÓN DE AUTOPATRONOS DE PONTEVEDRA CAPITAL Y MUNICIPIOS DE LA PROVINCIA (R.E. N° 3.360/2014, DO 24 DE MARZO)

A) PARTE RESOLUTORIA

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DICTAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ORGANIZACIÓN, PERSOAL E ASUNTOS XERAIS, RELATIVA AO ESTABLECEMENTO DE SECTORES PRIORITARIOS PARA A REALIZACIÓN DE CONTRATACIÓN DE CARÁCTER LABORAL TEMPORAL OU NOMEAMENTO DE FUNCIONARIOS INTERINOS.

Sr. Alcalde.- ...si lles parece a sesión extraordinaria do Pleno coa Orde do Día que sigue, a parte resolutoria e única desta sesión, o primeiro punto é a aprobación do ditame da Comisión Informativa de Organización, Persoal e Asuntos Xerais relativo ao establecemento de sectores prioritarios para a realización de contratacións de carácter laboral temporal, ou nomeamento de funcionarios interinos. Ten a palabra para explicar este punto da orde do día o concelleiro de persoal, don Alberto Blanco.

Sr. Alberto Blanco do PP.- Boas tardes. Ben, de acordo á redacción do artigo 21.2 da Lei de Orzamentos Xerais do Estado do ano 2014, se establece que unicamente en casos excepcionais se poden cubrir por necesidades urxentes e inaprazables, sempre que sean en sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren como prioritarios, os postos de traballo para a súa reposición. Visto que a Dirección Xeral da Función Pública do Ministerio de Facenda ante unha consulta interpreta que o carácter básico ha de ser establecido por cada unha das administracións locais neste caso, e vistos os informes de Intervención e Secretaría que figuran en este expediente, se fai unha proposta que foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Organización de declarar como sectores prioritarios e básicos, a efectos de proceder á contratación de carácter temporal ou nomeamento de funcionarios interinos os seguintes: accesos aos núcleos de poboación, pavimentación das vías públicas, Biblioteca municipal, accesos aos núcleos de poboación, perdón, tratamento de residuos, protección civil, prestación de servizos sociais, prevención e extinción de incendios, desbroces, instalacións deportivas de uso público, cultura e seguridade cidadá.

Ben, tal como se falou na Comisión Informativa e seguindo tanto a instrución anteriormente referida como as diferentes interpretacións que se fan do artigo 21.2 da Lei de Orzamentos de 2014, nos encontramos que para a reposición, e digo reposición porque nunca sería para creación "ex novo" de ningún posto de traballo, para a reposición e mantemento dos servizos básicos cada entidade local ten que establecer cales son os sectores prioritarios, sobre os cales se pode actuar e sempre mantendo o que sería a urxencia e o carácter inaplazable dos postos a repoñer.

En canto a necesidades urxentes son as recollidas.... bueno... en canto sectores serían os recollidos en esta proposta e sempre baixo o control dos informes perceptivos para controlar o carácter inaplazable e urxente de cada posto.

Sr. Alcalde.- Moi ben, moitas grazas señor Blanco. ¿Algunha intervención? Ten a palabra señora Louzao.

Sra. Belén Louzao do PSdeG-PSOE.- Ben, pola nosa parte, tal i como xa manifestamos na Comisión, consideramos que este proceder que se está a levar adiante non cumpre coas excepcionalidades que manifesta a Lei. Si ben é certo que a Lei recolle que se poden establecer casos prioritarios i urxentes, necesidades urxentes e

inaprazables nas que si se pode cubrir, este Concello tuvo cando facer fronte, cando utilizar esa Lei, cando cubrir prazas que repercutían no Concello, no funcionamento diario i era urxente, inaprazable, tal i como se manifestaba, levalas adiante i non se fixo. Nestos momentos o que se nos está a propoñer, tal i como xa dixemos na Comisión, é crear, facer algo ordinario, algo que é unha excepcionalidade. Dicimos isto porque tamén se recolle na propia documentación que o que non se pode facer é converter, facer de xeito, converter en xeito xeral algo que é extraordinario, o que si se debe facer, segundo din os propios informes, é facer esto concretando as novas prazas ou novas incorporacións que se van a acoller, i dende logo aquí non existe un catálogo de prazas ás que se vaia utilizar esta excepción, o que non se fai é priorizar, tal e como din os informes que se debe de priorizar uns sectores e funcións en categorías sobre outros, non se fai tal cousa. O que se convirte, o que se fai é abrir unha carta branca, unha carta aberta para poder que o goberno decida unilateralmente i poida escoller en cada caso o que considere pertinente, donde facelo, sin ningún criterio i sin ningunha resolución ao respecto, simplemente utilizando, como dicía, pola vía da excepcionalidade, convertíndoo en algo ordinario. Debe determinarse, i nolo din os propios informes, debe determinarse en cada caso si se pode facer ou non, si é urxente, si é prioritario, si existe ou non unha memoria que o reforce. Sin embargo o que estamos facendo é, como dicía, fai un momento, converter unha vía extraordinaria en algo ordinario para poder abrir esta posibilidade de colocar interinos ou de contratar persoal de xeito temporal alí donde se considere pertinente, sin máis explicación que dicir que é prioritario. I claro que é prioritario, todas as funcións, o 90 por cento é o que recollen estes informes das funcións, por non dicir o 95 por cento das funcións que ten encomendadas o goberno, o grupo, perdón, o Concello da Estrada, porque son funcións que lle recolle a Lei, funcións que dende logo son prioritarias porque todas afectan aos nosos veciños. Pero, como dicía, debe de establecerse unha gradación, debe de establecerse unha cataloguización tal cual nos recollen os informes. Non se pode utilizar a vía da excepcionalidade deste xeito tan aleatorio, i non digo nada que non digan os informes.

Polo tanto dende o noso grupo consideramos que a vía que se está escollendo é abrir un caixón desastre no que cabe todo, i dende logo no que pretender solucionar pola vía da excepcionalidade algo que estamos incumplindo, que é que non se pode contratar persoal libremente sin poder xustificalo. Moitas gracias.

Sr. Alcalde.- Moi ben, moitas gracias señora Louzao, ten a palabra señor Magariños.

Sr. Magariños do BNG.- O que aquí nos presenta o grupo de goberno é que o que é prioritario para o Concello é todo aquilo que non é prioritario para a Diputación, porque si é prioritario para a Diputación inmediatamente se lle cede a competencia á Diputación e se lle transfere o montante económico correspondinte, é dicir, todo aquilo que é economicamente viable pasa a mans da Diputación, o resto se queda o Concello con el. Evidentemente todas as competencias que teñen os Concellos son prioritarias, é máis, neste momento de crisis é prioritario crear postos de traballo, que os Concellos actúen como dinamizadores económicos... neste caso do Concello no que están ubicado, o Concello da Estrada. Pero bueno, por xustificar prioridades tamén... o que aquí se nos presenta se podía xustificar que A Estrada necesita que a lúa sea cuadrada para traer turistas ¿non? Pero bueno, todo cabe no papel... pero bueno, non é de recibo o que aquí se nos presenta, non sabemos nin número de prazas, nin xustificación de por que unhas si i outras non, pero bueno.

Repito, o que realmente vemos aquí é que o que á Deputación non lle interesa o Concello se fai cargo dela, como non lle queda outra obrigación por certo, de facerse cargo de as súas competencias, i o resto se lle transfire á Deputación para pagar os diversos favores que o Concello debe.

Sr. Alcalde.- Moi ben señor Magariños, ten a palabra señor Blanco.

Sr. Alberto Blanco do PP.- Ben, parece que non se entende cal é o contido do artigo 21.2, seguro que a señora Louzao non di nada que non digan os informes pero di cousas que non din os informes tamén. Estamos a falar sempre de reposición de plazas, non estamos nunca a falar de creación de novas plazas, non estamos nunha situación no que, como está decindo o señor Magariños, se poida crear novas plazas como foi a pretensión que nos houbera gustado a nós, que nese momento tiñamos os grupos da oposición en contra para Recaudación, nos houbera gustado, pero nin naquel momento nin neste se pode crear novas plazas, e isto non é unha vía de crear novas plazas. Aquí simplemente o que está decindo o artigo 21.2 é que se está limitando a reposición nas administracións públicas, simplemente se poden repoñer baixo unha serie de criterios moi estritos, en canto toca a administración pública un destes criterios é que sea o Concello, exercendo a súa potestade, que establezca cales son os ámbitos de actuación donde se vai a poder actuar, ademais cando se de o caso de que sea urxente e inaplazable. Entonces o que está facendo neste momento o Concello non é tratar de repoñer e moito menos de crear plazas. Aquí estamos decindo cales son os sectores sobre os cales se pode actuar ante casos determinados de xubilacións, baixas, casos moi concretos e sempre para repoñer aqueles servizos que necesiten ser repostos, e ser repostos pero xa non para un carácter... un desenvolvemento óptimo, que nin siquera porque se pode...si leron os informes, en concreto o informe de Secretaría cando se fai referencia a necesidades urxentes e inaplazables non estamos falando que o funcionamento teña que ser óptimo, de prestación ou de calidade, simplemente ten que ser que cumplos estándares razoables e aceptables, é dicir, que non pode o Concello... ningún Concello ten a capacidade de poder ir máis alá que é o simple mantemento desas prestacións, e estamos actuando... decindo cales son os sectores prioritarios en base ao que establece a Lei tamén, por outro lado, que son os servizos que ten que prestar un Concello da categoría da Estrada e que se veñen prestando historicamente. En ningún caso se pretende unha nova creación, un novo posto ou unha nova actividade siquera, porque os Orzamentos do Estado así o impiden e toda aquela normativa, sobre todo a presupostaria, que impide que se incremente a masa salarial, entón pensar en crear unha plaza ou incrementar unha serie de servizos xa está vetado por outros camiños, non simplemente por isto. Entón penso que a interpretación que se fai desde a oposición, bueno, non axustada ao que é o fondo do artigo, bueno, xa nos gustaría poder crear plazas para aqueles servizos onde si hai deficiencias graves neste Concello, pero eso está vetado agora e xa o estivo no pasado.

Sr. Alcalde.- Moi ben señor Blanco, non sei se hai algunha outra intervención, pois creo que queda suficiente explicado cal é este punto número 1 e polo tanto procedemos á súa votación. ¿Votos en contra? Partido Socialista e BNG ¿Abstencións? Non hai i ¿votos a favor? Partido Popular, apróbase por maioría.

Sometido o asunto a votación, o Concello Pleno adopta, polos votos a favor do PP (11) e os votos en contra do PsdeG-PSOE (8) e BNG (1), o seguinte **ACORDO:**

Vista a proposta de data 09-05-2014 do Concelleiro Delegado de Persoal, relativa ao establecemento de sectores prioritarios para a realización de contratacións e carácter laboral e temporal ou nomeamento de funcionarios interinos.

Visto o artigo 21.2 da Lei 22/2013, de 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2014, que dispón: "*Durante o ano 2014 non se procederá á contratación de persoal temporal, nin ao nomeamento de persoalestatutario temporal ou de funcionarios interinos salvo en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables que se restrinxirán aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos esenciais.*"

Visto que a Dirección General de la Funcións Pública del Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas, en data 27 de xaneiro de 2012, e respondendo a unha consulta prantexada, indica: "*Por lo que se refiere al apartado Dos del artículo 21 (similar ao 21.2 da Lei 22/2013), relativo a la contratación de persoal temporal y nombramiento de personal estatutario temporal o de funcionarios interinos, se trata de un apartado que también tiene el carácter de básico y, por tnto aplicable a las Entidades que integran la Administración Local, y corresponderá a la Entidade Local correspondiente determinar si durante el ejercicio se puede proceder a la contratación de personal temporal en función de lo que la misma considere sean sectores, funciones y categorías profesionales que se consideren prioritarios o que afecten al funcionamiento de los servicios públicos esenciales*".

Visto o informe da Interventora municipal de data 4 de abril de 2014, con motivo da proposta de aprobación de bases para a contratación de dezasete peóns sgundo subvención concedida pola Deputación Provincia de Pontevedra.

Vista a Memoria asinada pola Alcaldía-Presidencia en data 21 de abril de 2014.

Visto o informe da Secretaria en funcións de data 12-05-2014.

Visto o ditame acadado pola Comisión Informativa de Organización, Persoal e Asuntos Xerais en sesión do 16-05-2014.

ACORDAMOS:

Declarar como sectores prioritarios e/ou básicos a efectos de proceder a contratacións de carácter temporal ou nomeamento de funcionarios interinos os seguintes: accesos aos núcleos de poboación, pavimentación das vías públicas, biblioteca pública, tratamento de residuos, protección civil, prestación de servizos sociais, prevención e extinción de incendios, desbroces, instalacións deportivas de uso público, cultura e seguridade cidadá.

2º- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ORGANIZACIÓN, PERSOAL E ASUNTOS XERAIS, RELATIVA Á SOLICITUDE DE ESTUDO E APROBACIÓN DOS PUNTOS LÍMITE DA TARIFA URBANA A REFERENCIAR POLOS APARATOS TAXÍMETROS NOS VEHÍCULOS TAXI DO CONCELLO DE A ESTRADA, FORMULADA POLA PRESIDENCIA DE TAXIS ASOCIACIÓN DE AUTOPATRONOS DE PONTEVEDRA CAPITAL Y MUNICIPIOS DE LA PROVINCIA (R.E. Nº 3.360/2014, DO 24 DE MARZO).

Sr. Alcalde.- O segundo punto é a aprobación, se procede, do ditame da Comisión Informativa de Organización, Persoal e Asuntos Xerais relativa á solicitude de estudo e aprobación dos puntos límite da tarifa urbana a referenciar polos aparatos taxímetros nos vehículos taxi do Concello da Estrada, formulada pola presidencia de Taxis Asociación de Autopatronos de Pontevedra Capital i Municipios da Provincia. Para explicar este punto ten a palabra o señor Blanco.

Sr. Alberto Blanco do PP.- Ben, en canto a este punto nos encontramos ante unha proposta feita pola agrupación de Autopatronos do Taxi da Provincia de Pontevedra, donde, para dar cumprimento á normativa aplicable e á implantación dos taxímetros en todos os taxis de Galicia, se somete a votación do Pleno a proposta que establece cales serían as tarifas diurnas e nocturnas aplicables polos taxis, cal sería o perímetro urbano donde se establecería o carácter de tarifas urbanas, cales serían os días festivos aplicables, en concreto se someteu a votación o 24 e o 31 de decembro, e se propón que sea festivo en congruencia co establecido pola Xunta para zonas interurbanas e o que resulte desta aprobación que se leve á Dirección Xeral de Comercio para a súa aprobación definitiva. Entón se ditamina en base ás tarifas que se recollen no ditamen, que son as que se someten a aprobación.

Sr. Alcalde.- Moi ben, moitas grazas señor Blanco ¿algunha intervención en relación a este tema? Ten a palabra señor Magariños.

Sr. Magariños do BNG.- Como xa dixen na Comisión, ímonos abster porque, si é potestativo que o aprobe o Concello, o normal é contar con informes dos técnicos do Concello e non cos informes de parte, que supoño que estarán ben, pero a min gustaríame que os propios técnicos municipais elaboraran os informes de custes e realmente si se axusta á realidade ou non. Parece que polo que presentan os autopatronos vai moi acorde cos estudos que fai a Xunta, pero bueno, os estudos que presenta a propia Xunta son a nivel xenérico e non estaría de máis que o Concello tivera os seus propios estudos, os seus propios informes, e por eso vamos a manter a abstención que dixemos que tivemos na Comisión.

Sr. Alcalde.- Moi ben señor Magariños, pois entón procedemos a votar esta cuestión. ¿Votos en contra? ¿Abstencións? BNG ¿votos a favor? Partido Socialista e Partido Popular.

Sometido o asunto a votación, o Concello Pleno adopta, polos votos a favor do PP (11) e PsdeG-PSOE (8) e a abstención do BNG (1), o seguinte **ACORDO**:

Visto o tratado no Pleno do Consello Económico e Social da Estrada, celebrada o 5 de maio de 2014, en relación á solicitude de estudo e aprobación dos puntos límite da tarifa urbana a referenciar polos apartados taxímetros nos vehículos taxi do Concello da Estrada, formulada pola Presidencia de Taxis Asociación de Autopatronos de Pontevedra capital e municipios da Provincia con data 24-03-2014 (R.E. 3360).

Visto o escrito presentado pola Asociación de Comerciantes da Estrada, con entrada neste Concello o 08-05-2014 (R.E 3743).

Visto o ditame acadado pola Comisión Informativa de Organización, Persoal e Asuntos Xerais en sesión do 16-05-2014.

ACORDAMOS:

Primeiro.- Proceder á aprobación das tarifas aplicables polo Servizo de Taxis do Concello da Estrada no ámbito urbano solicitada por D. José Crespo Boullosa, en calidade de presidente de "Taxis Asociación de Autopatronos de Pontevedra capital e municipios de la Provincia", tendo en conta o estudo económico achegados polos taxistas.

TARIFA DIURNA: Aplicable en días laborables de 6 a 22 horas:

IMPORTE DE LA TARIFA			
CONCEPTOS APLICABLES EN TARIFA DIURNA	BASE IMPONIBLE	IVA (10%)	IMPORTE SOLICITADO
Percepción Mínima (incluye recorrido de 1,500 metros o tiempo equivalente)	3,41	0,34	3,75
km. Recorrido	0,95	0,10	1,05
Hora de Espera	14,73	1,47	16,20

SUPLEMENTOS	BASE IMPONIBLE	IVA (10%)	IMPORTE SOLICITADO
Bultos o Maletas (Excepto sillas de minusválidos y sillas de niños)	0,55	0,05	0,60
Traslado de Perros (Excepto perros lazarillo)	0,91	0,09	1,00

Segundo.- Aprobar a delimitación do perímetro urbano atendendo as suxestións presentadas polos autopatronos e a colocación das sinais indicativas de fin de casco urbano.

Terceiro.- Propoñer á Dirección Xeral de Comercio da Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia a aprobación das seguintes tarifas pola prestación do servizo público de transporte auto-taxi deste concello.

Cuarto.- Aprobar a tarifa nocturna que será aplicable durante o horario nocturno que comezará ás 22:00 horas ata as 06:00 horas do día seguinte. Tamén se aplicará esta tarifa durante os festivos e os fins de semana e comezará o sábado ás 15:00 horas e finalizará o luns ás 06:00 horas, así como dos días 24 e 31 de decembro.

TARIFA NOCTURNA: Aplicable en días laborables de 22 a 6 horas, sábados desde las 15 horas, domingos, festivos (locales y autonómicos, 24 y 31 de Diciembre.

CONCEPTOS APLICABLES EN TARIFA NOCTURNA/FESTIVOS	BASE IMPONIBLE	IVA (10%)	IMPORTE SOLICITADO
Percepción Mínima (Incluye recorrido de 1,500 metros o tiempo equivalente)	4,09	0,41	4,50
km. Recorrido	1,14	0,12	1,26
Hora de Espera	17,67	1,77	19,44

Quinto.- Remitir testemuña do acordo adoptado polo Pleno da Corporación á Dirección Xeral de Mobilidade da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras da Xunta de Galicia, para a autorización das tarifas a fin de garantir unha correcta prestación do transporte urbano e interurbano nos auto-taxis deste Concello.

Sr. Alcalde.- Tratándose dunha sesión extraordinaria, e non habendo máis asuntos que tratar, levantamos a sesión, moitas gracias.

Non habendo máis intervencións por parte dos Concelleiros, nin por parte do público asistente, levántase a sesión ás vinte horas cincuenta minutos.

A Estrada, 26 de maio de 2014
A SECRETARIA EN FUNCIÓN,

Asdo.: M^a Jesusa Fernández Bascuas